

# GALEGOZA!

## A CANCIÓN EN GALEGO

*Dende hai uns anos, a popularidade das músicas cantadas en galego está a acadar cotas nunca vistas. O fenómeno a nivel estatal das **Tanxugueiras** a través do **Benidorm Fest** será a primeira explicación que nos vén á mente. Porén, debemos considerar tamén un factor importante esa pandemia que nos recluíu nas casas e estimulou a curiosidade de moitas por atoparen expresións artísticas e lúdicas na nosa lingua.*



*Loxicamente, antes desta década xa había unha historia, referencias pioneiras, anovadoras e continuadoras.*

*Ao remitir a represión da ditadura, nos anos 70 comezaron a aparecer artistas e movementos que gozaron de máis ou menos repercusión até o día de hoxe, onde escoitar e cantar na lingua propia do país vai camiño de ser algo lóxico e normal, ademais de necesario.*

Malia o descoñecemento da maioría, ao folk e ás propostas máis reivindicativas sumáronse aos poucos o rock, o pop, o rap e demais estilos e tendencias. Aquí repasaremos desde artistas que abriron camiño até as máis recentes, agrupando por estilos dun xeito orientador e recuperando algún que outro tesouro agochado. Faremolo desde os 90 (nos 80 "só" están **Os Resentidos**), cando xorde o bravú e a Xeración Xabarín, até 2020. Despois, dedicaremos un espazo de seu á última fornada.

Se noutros casos resulta habitual repasar movementos ou escenas, no caso galego, tras **Voces Ceibes** e a **Nova Canción Galega** a única etiqueta aglutinadora sería o **bravú**, cun manifesto de seu asinado en Chantada polas bandas o 31 de outubro de 1994. Daquela "o que contaba era defender a música do país, o cheiro das nosas cousas", que dicía Rómulo Sanjurjo, acordeonista dos **Diplomáticos de Monte Alto**.



Coa chegada do século XXI, as primeiras xeracións da Internet crean, consomen e comparten músicas sen necesidade dos medios de comunicación convencionais e os intereses das discográficas. O resultado é unha oferta moi grande e ao alcance de todas e da que aquí faremos unha escolma na que non caberán todos os nomes, pero non faltarán as máis relevantes por recoñecemento da crítica ou aceptación do público. E tamén por teimas do *peñirante* que vos fala.

Vaian por diante as desculpas de botares en falta algún nome. Isto non pretende ser unha enciclopedia, senón unha referencia iniciática, unha lista de recomendacións, de referencias, **con atención especial a solistas e formacións da provincia de Lugo.**

**Pepe Cunha**

g  
galegoza



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



Cultura

VICEPRESIDENCIA



1



# PIONEIRAS, AS SEMENTES DA CANCIÓN EN GALEGO

Aínda que **LOS ESPAÑOLES** gravaron en 1959 unha versión do *Fado das Queixas*, disque foron **LOS TAMARA** quen publicaron *Galicia Terra Nosa*, a primeira canción pop en galego, nun EP de 1964 editado polo selo Zafiro. A banda xurdida en Noia volvería incluír versos en galego noutras gravacións e letras enteiras en panxoliñas. En 1970 presentaron o primeiro álbum completo, *Na fermosa Galiza*, que mellorarían en 1974 con *Miña Galicia Verde*, onde musican Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro.



*Na fin e após a ditadura, en tempos de censura e uniformidade en torno ao castelán, o galego estaba desprestixiado, agochado, limitado ao costumismo e ao mundo rural. Aos poucos foron agromando propostas que reivindicaban a lingua propia da Galiza, con letras asinadas na súa maioría por poetas, desde os da lírica medieval ás contemporáneas.*



**ANDRÉS DO BARRO** acadou o primeiro número 1 para o galego cantado con *O tren* (1970). O ferrolán practicaba un pop folk sen intencións políticas, pero que reivindicaba a lingua da súa terra. *Teño saudade, Corpiño xeitoso* ou *San Antón* continuarían un éxito que non se repetiu até mediados dos 80 co *Galicia Canibal* (*Fai un sol de carallo*) d'**OS RESENTIDOS**.



Si facía canción social e protesta en galego o colectivo de cantautores **Voces Ceibes**, previo ao Movemento Popular da Canción Galega. Nesa etapa comezada en 1968 temos **BENEDICTO, XERARDO MOSCOSO, MIRO CASABELLA, BIBIANO** (*Estamos chegando ó mar, Alcobre, Aluminio*), **PILOCHA, XOÁN RUBIA, MANUELA E MIGUEL...** e **SUSO VAAMONDE** co álbum ao vivo *Nin rosmar un laído* ou *Os soños na gaiola* (1978) onde musicou poemas de Manuel María e foi recoñecido Disco infantil do ano polo Ministerio de Cultura.

**FUXAN OS VENTOS** son o nome imprescindible da canción folk e o compromiso. Naceron en Lugo como Folk 72 e, tras gañaren o III Festival musical das San Lucas de Mondoñedo, colleron o nome da canción. Houbo outras formacións cun compromiso social notábel, pero Fuxan foi a máis popular desde o seu debut homónimo en 1976 até a chegada dos 80. Abriron terreo para outras formacións que tamén reivindicaban "Unha terra, un pobo e unha fala", como cantaban **Saraibas**, e dunha escisión na banda xurdiría **A QUENLLA**.



Desde Lugo, **O CARRO** levou esta onda cara ao pop anglosaxón: *Manifesto* e *Bribo de anxos*.

Eis uns álbums notábeis de mediados dos 70: *Aí vén o maio*, de **LUIS EMILIO BATALLÁN**; Rosalía de Castro, de **AMANCIO PRADA**; *Galicia Miña Nai dos dous mares*, de **JUAN PARDO** ou o debut de **EMILIO CAO** *Fonte do Araño*.

Na canción de autor temos tamén o **JEI NOGUEROL** (Covas, Viveiro), que recompilou varios sinxelos nun primeiro LP en 1976. Seguíronlle *Cantigas da Fradería* e *Polo Atlántico Norte*.

A finais dos 70 temos dous álbums curiosos. Como o galego era máis do folk e o tradicional e o rock era algo estranxeiro, os discos homónimos de **GOMA 2** e **NHU** (1979) foran unha novidade. **GOMA 2** movíanse polo rock progresivo, o rock and roll da new wave... e metían gaitas. Os **NHU** quedaron como a única mostra de rock progresivo-sinfónico na nosa lingua até hai pouco.

A música popular vai da man da formación viguesa **A RODA**, argallada en 1976 por amigos que cantaban nas tabernas. En *A Roda*, *Falemos galego* (1978) e *Pra os amigos* (1980) atopamos clásicos imprescindibles. No folk e a canción popular tamén lembramos **XOCALOMA** ou **ANA KIRO**, toda unha musa da emigración.

Nos 80, os referentes son a banda de punk-rock vangardista **RADIO OCEANO** cun álbum referente, *Nin falta que fai* (1983) e **OS RESENTIDOS**, que fechan a década co álbum *Jej*, elixido pola revista musical *Rockdelux* Mellor disco nacional do ano. Significaron a modernidade, o humor e o eclecticismo musical coas letras "rompentas" e a carismática voz de Antón Reixa.



Escoita aquí:  
LISTAXE DE  
REPRODUCCIÓN S. XX



g  
galegoza

DEPUTACIÓN DE LUGO  Cultura  
VICEPRESIDENCIA

2



# POP-ROCK I

Nesta denominación de pop-rock cabe case todo o que non é un xénero específico. Válenos para xuntar un feixe de bandas con guitarras eléctricas, o baixo e a batería marcando o ritmo... Hainas máis actuais, "indies" ou alternativas e outras que soan máis clásicas.

**OS DIPLOMÁTICOS DE MONTE ALTO** foron referentes nos 90 desde que editaron o disco *Arrotada pangalaica* (1992) e o himno *Non chas quero*. Cabeza visíbel do movemento bravú, termo que agromou arredor do 93, deixaron discos como *Parrús*, *Avante toda!* ou *Capetón*, e cancións memorábeis como *Gaiteiro*, *Nordés* con Mercedes Peón e *Oda ao fútbolín*.

Outro nome moi popular chega desde o Barbanza cos **HEREDEIROS DA CRUS**. A chave do seu éxito é un rock and roll sen complicacións e unhas letras festeiras na variante do galego local e popular (gheada, seseo). Repasaron o seu rock dos 70 ao vivo en *All Right Chicago* (2000), separáronse e, tras un concerto de celebración, regresaron con *Jard rock con fe* e *Derretidos*.

Os monfortinos **YELLOW PIXOLIÑAS** cantaban en inglés, castelán e galego, con influencias punk, ska... Con letras de protesta e humor, encaixaron co bravú, mais decidiron desmarcarse desa corrente, segundo eles, "politizada". Aparecer no Xabarán Club deulles popularidade até a súa disolución a finais dos 90: *Galician people speak Galego*, *Lacon lover*, *Non pises a herba!*

Saídos da Coruña en 1993, **OS PAPAQUEIXOS** só editaron o disco *A lóxica aplastante do comité de propaganda* (1999), fusión entre o punk, folk, rock, toques celtas con surrealismo, imaxinación e ampla variedade instrumental. *Teknotrafikante (farloppo ma non troppo)* é o ghít.

**SKORNABOIS** desde Vilanova de Lourenzá duraron a década dos 90, formaron parte do bravú e *O verme homicida* foi a súa canción máis coñecida. No único LP, *Skornaboís* (Chorima, 1998) hai rock industrial, funk, rap metal, baterías potentes, *samplers* e compromiso político.

**VÍCTOR ANEIROS** é a referencia no blues musicando poetas do país entre 2004 e 2014: *Blues do Amencer*, *Heroe secreto*, *Brétemas da memoria*, *A soidade pide copas nos bares*.



**THE HOMENS**, co burelés

**Martiño Suárez** na voz e guitarra, comezaron en 2005 e son recordados grazas aos discos *Tres* e *Cuarta Potencia*.

Tiraban cara ao *power-pop* e coidaban moito letras, retrousos e melodías. Agora Martiño e Roi fan "rock portátil" como **GRAMPODER** e discos aos que prestamos atención: *Golf Whiskey* (2013), *P.M.* (2022) e *Amuleto* (2024).

**LORETTA MARTIN** apostaban por mesturar funky, rock e ritmos brasileiros en *Paraíso distante* (2006). O seu vocalista, **BRAIS MORÁN**, continúa co estilo funk baixo o seu nome.

O quinteto feminino **A BANDA DA LOBA** combinan pop, blues, folk, rock e sons tradicionais desde 2018. Agardamos novo disco tras *Bailando as rúas*, *Fábrica de luz* e *Xabón Lagarta*.

**ESPINHO** é o proxecto de Alfonso Espiño, un compostelán amante do pop clásico e psicodélico.

**GUEZOS** é unha banda ourensá de rock-pop-folk con composicións abertas a calquera estilo.

**MARCELO DO BODE** fusionou a súa voz e pandeireta con rock, soul ou funk en *Turoqua*.

Entre canción de autor e rock adulto está **SESO DURÁN** e o seu notábel *Ascensión* (2022).

**SUN IOU** mesturan pop e rock con folk e tradi do país en *Agora* (2024).



HEREDEIROS DA CRUS © SABELA BLANCO



Escoita aquí:  
LISTAXE DE  
REPRODUCCIÓN S. XX





# POP-ROCK II

O indie poético vai asociado a **CHICHARRÓN**, con máis dunha década e álbums como *Postal*, *Cancións Clínicas*, *Unha fogueira intacta*, *Erosión*, *O que nos queda por non dicir*.

**ATAQUE ESCAMPE** levan desde 2007 e seguen en forma con *Cabalgata* (2023). Malia se presentaren como rock de serie-B, cada traballo busca un son diferente: electrónica dos 80, ritmos latinos, música negra... Letras entre o *cool* e o popular, ironía e retransa abundas (*Galicia es una mierda*), certo ar crítico e álbums como *Violentos anos dez*, *O disco vermello*...

**OS AMIGOS DOS MÚSICOS** combinaban a canción popular de autor das Américas coa tradición de noso. De Neil Young e Atahualpa Yupanqui a Suso Vaamaonde e Batallán. Pop-rock-folk elaborado a lume lento en dous álbums notábeis: o debut homónimo e *Segundo fogar* (2019).

**TERBUTALINA** son unha máquina divertida de garaxe-punk xurdida en Muros en 2010. As súas cancións breves e intensas e álbums como *Al otomano se le va la mano*, *A muerte* e, sobre todo, *Espabila Gallego* forxaron a sona. O último chámase *Era cabra* (2023).

Ao vivo, **FAMILIA CAAMAGNO** son diversión e entrega, mais non desmerezamos as cancións gravadas sobre retrousos e letras adictivas. En *Hai que andar cos tempos!*, *Para unha vez que saímos*, *Había que intentalo* apostaban polo analóxico e *vintage*, influenciados polos 60. *O mundo está derrotado* (2022) abriu con éxito o seu estilo.

**BERLAI** é o proxecto liderado por Xiao Rodríguez, que colle o seu nome artístico dun lugar da parroquia de Piñeirás no Concello de Guntín. Acedo, creativo, irreverente e cun son ben coidado conta xa con tres álbums: *Desconhecido*, *Cas Berlai* e, sobre todo, *Estampas galegas* (2023).

**BERTA FRANKLIN** apostaba ao comezo por un rock *soul* contido, pero engadiu sintetizadores para un son electrónico que lembra ao pop independente dos anos oitenta. A banda lucense conta con varios *singles* e EP en galego desde 2019.

Outros nomes:

**SECHO** reapareceu co encantador *Recuperar* (2021) tras *Xa fai un tempo* con Los Invisibles.

Unha boa mostra do folk alternativo é o disco de **HOLGADO**, *O fillo de Suso* (2021)

**PEÑA** conxugan pop, folk, música de raíz e toques de clásica no recomendábel *Carreiro* (2021).

**DEVALO** conta con tres discos dunha proposta persoal de guitarras e sintetizadores moi dos 80.

**ATRÁS TIGRE** practican estilos de pop alternativo como *dream-pop*, *shoegaze*... e letras poéticas.

Outros nomes: **Anxo Araújo**, **Vudú**, **Factoría de Subsistencia**, **os blueseiros O Cadelo Lunático**, **Cuarta Xusta**, **Udra**, **Esposa**, **Momboi**, **Malabesta**, **Exeria**, **Los Rastreadores** (son Chicho de **Ortiga** e Nuno de **Grande Amore**).



Escoita aquí:  
LISTAXE DE  
REPRODUCCIÓN S. XXI



4



# GALIZA É POTENCIA EN MÚSICA TRADICIONAL,

Abundan as bandas que escoan algunhas pezas cantadas entre unha produción case totalmente instrumental. Os nomes máis míticos serían **MILLADOIRO**, que comezaron a gravar coa chegada dos 80, **CARLOS NÚÑEZ** e **LUAR NA LUBRE**, de traxectorias longas e xiras internacionais.

**BERROGÜETTO** gañaron crítica e público desde que se presentaron con *Navicularia* (1996). Até o seu final en 2014, editaron discos como *Hepta*, *10.0* ou *Kosmogonías*, onde canda os instrumentais atopamos pezas cantadas primeiro por Guadi Galego e despois por Xabier Díaz.

**LEILÍA** puxeron as voces femininas e as pandeireiras como protagonistas nos palcos hai máis de 30 anos. Interpretacións moi respectuosas coas versións tradicionais na letra e na execución vocal. Debutaron cun disco homónimo a finais do século XX e veñen de se despedir con *Vidas cantadas. Madama, Son de Leilía* e *Con Sentimento*, con letras de poetas galegas.

**XABIER DÍAZ E ADUFEIRAS DE SALITRE**. Tras cantar para a Nova Galega de Danza, Berrogüetto, ACadaCanto e oito anos despois do seu fermoso segundo disco *Coplas para Iclá* (2007), o coruñés iniciou este proxecto celebrado por público e crítica dentro e fóra da Galiza: *The Tambourine Man*, *Noró*, *As catedrais silenciadas* e *Axúdame a sentir* son os discos.



XABIER DÍAZ E ADUFEIRAS DE SALITRE © CARLOS ABAL LOBATO

**QUEMPALLOU**, con músicos do Incio nas súas filas, editaron varios discos entre 1999 e 2016.

**XORIMA** foi un grupo de folk instrumental fundado en Vilalba na década de 1980.

**A QUENLLA**, activa entre 1984 e 2014, mantíña a temática social e reivindicativa de Fuxan.

**OS CARUNCHOS** levan tres décadas reivindicando con alegría a lingua, o popular e as poetas.



HABELAS HAINAS © NÁN BARBEIRO



BERROGÜETTO © XUAN PEÓN

**DE SEU, PROPIA, A QUE SE ENTENDE A NIVEL MUNDIAL COMO RITMOS ÉTNICOS. EIS UN ABANO AMPLO QUE ABRANGUE DESDE AS MÁIS PURISTAS...**

**OS CEMPÉS** animaron a escena folk desde o debut en 1995 con *Opaiiii!*, gravado en concertos e que amosaba o seu carácter popular. Creceron con *Capitán Re* ou *Circo Montecuruto*, despedíronse en 2003 con *Moe e Moa* e regresaron puntualmente con *Tentemozo* (2012).


**RADIO CAOS** é o proxecto liderado polas voces e pandeiretas de Xurxo Fernandes e Quique Peón, que levaron polo mundo dous discos: *Radio Cos* (2013) e *Pasatempo* (2017).

**OS D'ABAIXO** naceron para acompañaren sesións de baile e festas. Gravaron pezas populares e composicións propias en *Ao vivo en Lorient*, *Quixera ser dos paxaros*, *Somos a pedra...*

O cantante e percusionista **DAVIDE SALVADO** formouse recollendo música tradicional, principalmente a conservada por mulleres. Ten dous discos de seu e colaboracións abondas.



LEILÍA © CARLOS ABAL LOBATO



DAVIDE SALVADO © PIXELIN PHOTO

**AIRIÑOS DA FEBRA** inspíranse nos cuartetos, quintetos e pequenas orquestrías. *Con grelos* (2020), *O de Lacón* (2018).

**HABELAS HAINAS** fan música de raíz, feminista e social. *Livres e loucas* (2017).

**TIRULEQUE** mestura tradición con outras influencias e aires de festa.

**AILÁ** naceu na mítica Casa das Crechas compostelá e xa contan con dous discos e unha proxección que confirmaron en *Sansolimón* (2023), o seu segundo disco.



LEILÍA © CULTURACTIVA

Escoita aquí:  
LISTAXE DE  
REPRODUCCIÓN S. XX





# ... ÁS ARTISTAS QUE, SEN RENUNCIAR Á TRADICIÓN, PROCURAN REVISALA, ACTUALIZALA



**MERCEDES PEÓN** é pioneira desde o seu labor etnolóxico e o seu debut, *Isué*, no 2000. Talvez a nosa artista máis internacional, complexa e recoñecida pola crítica. De voz estremecedora, gaitera, pandeireteira, fedella da electrónica, inconformista, experimentadora... editou álbums sempre interesantes que tocan do folk ao *techno* industrial, pasando por ritmos étnicos varios: *Ajrú*, *Sihá*, *Sós* e *Déixaas* (2018). Acompañou os Diplomáticos no clásico *Nordés*.

**CAXADE** rachou fronteiras entre *indie* e folk. En 2012, unhas videocreacións anticiparon *A Dança das Moscas*, un disco con tantos concertos que se celebrou ao vivo coa Banda Música de Bandeira. Deixaron un último álbum en 2016: *Isto é o amor*.



**TANXUGUEIRAS** é o fenómeno mediático que mudou a escena galega. Desde o coñecemento das raíces e abertas a influencias contemporáneas, estas tres cantadeiras e pandeireteiras foron crescendo ano a ano, disco a disco, a base de traballo e valentía. Case representan a España en Eurovisión con *Terra* e foron a primeira proposta galega en encher o Coliseum da Coruña.

Un dos nosos multiinstrumentistas de referencia presentou en 2016 o proxecto **XOSÉ LOIS ROMERO & ALIBORIA**. *Latexo* seguiu en 2020 o debut homónimo con adaptacións de pezas tradicionais e máis propias. Unha conxunción poderosa de voces femininas e moitas percusións.



**FAIA** interpreta un cancionero transmitido por mulleres con sonoridades atemporais, proponendo un diálogo de ida e volta co pasado. *Ao cabo leirín* (2020), producido por Hevi, foi un agasallo.

FAIA © CARMÉ CERVIÑO

## NOVA GALEGA DE DANZA

editou discos coas músicas dos seus espectáculos.

**CRISTIAN SILVA** é produtor, multiinstrumentista e músico con influencias de rock, flamenco ou electrónica en *Ego* (2015).

**CHOUTEIRA**, coa focense **Ugia Pedreira**, evolucionou desde o tradicional a máis estilos.

A formación aberta **DOA** combina música medieval, popular e moderna desde o seu debut *O son da estrela escura* (1979).

**LINHO DE CUCO** levou a música do país ao son poderoso dunha orquestrina pan europea.

Desde Lugo, **TARANIS** estiveron en activo nos 80 e regresaron en 2019. Fusión de música de raíz con funk, jazz ou rock, a gaita con instrumentos contemporáneos como a guitarra eléctrica. Principalmente instrumentais, mais o seu álbum *Mundo Idiota* (2019) si contén catorce cancións.

**BRATH** tamén eran de Lugo, coetáneos e amantes da fusión e do rock progresivo que incluía, por exemplo, baixo e batería. Debutaron con *Kalailia* (1982) e alí tocaba o sarrián Eloi Caldeiro, antes no grupo rock **TEBRAS**, e cuxo labor é moi salientábel por dirixir o Lugo Folk ou levar Sons Galiza, en cuxos estudos desde 1988 gravaron moitas bandas e artistas galegas.

O cuarteto vocal feminino eumés **FALTRIQUEIRA** debutou en disco en 2002. En *Effecto Faltriqueira* (2006) brillan efectos polifónicos máis arriscados e a produción de Pascal Gaigne.

**LINHO DE CUCO** desde Lalín levou a música do país ao son poderoso dunha orquestrina pan europea: bombo, pandeiretas, gaita, tambor, acordeón, zanfona, óboe, frauta...

**NA LÚA** combinaban folk con pop ou jazz. Despedíronse en 2001 coa compilación *As fases da Lúa*. Maioritariamente instrumentais, pero tamén cantaban n'Os tempos son chegados ou moitas do seu disco *Ondas do mar de Vigo*, aquí con Uxía Senlle á voz.

Máis nomes: **Maite Dono**, **Xistar** (Viveiro), **Alecrín**, **Muxicas**, **Belida**, **Marea Baixa**.



Escoita aquí:  
LISTAXE DE  
REPRODUCCIÓN S. XXI





# A CANCIÓN DE AUTORÍA

Saída da superbanda Berrogüetto e con formación na música tradicional, a cedeirense **GUADI GALEGO** emprendeu unha etapa de canción pop no senso máis rico e amplo, tecendo unha traxectoria sólida, valente, comprometida e de enorme riqueza musical. A triloxía **Lúas de outubro e agosto**, **O mundo está parado** e **Bóla de cristal** tivo unha revisión plurilingüe en **Immersion** (2019) e cada traballo (**Costuras**, **Roibén**) amosa algo máis de si mesma.



SÉS © ÁNGEL VILA / METROPOLITANO GAL

**SÉS** é unha das nosas voces máis populares desde o debut con *Admirando a condición* en 2011. Voz contundente no artístico e no sociopolítico, tan poderosa como doce e sensíbel, ten as súas referentes na canción popular galega e americana. Letras cheas de compromiso social e persoal, con forte carga feminista, proletaria e galega como *Tempestades de sal* ou *Milonga de aquí*.

**UXÍA** é a "madríña" da nosa música. Abriu camiño e sempre apoia outras compañeiras e propostas. Unha das nosas mellores voces, de elegancia abraiante, debutou en 1986 con *Foliada de marzo*, pasou por Na Lúa, canta os nosos poetas, colabora con moitas artistas e proxectos e lidera María Fumaça co seu afillado Rui. Ademais, é o noso lazo coa lusofonía a través do festival Cantos na Maré. *Baladas da Galiza imaxinaria* (2015) con **Narf** foi un encontro marabilloso.

**Fran Pérez "NARF"** foi un dos nosos artistas máis queridos e respectados, dos que deixan pegada fonda no artístico e no persoal. A súa visión ampla da música popular levouno a compoñer para espectáculos e gravar álbums en solitario (*Tótem*), a dúo co guineano Manecas Costa (*Aló Irmao*) ou con Uxía, en trío de blues-rock (*Nas tardes escuras* sobre poemas de Rosalía de Castro). Ora tocaba só nun pub, ora ía de xira coa banda de Budiño ou lideraba Timbila Muzimba.



UXÍA E NARF © CARLOS ABAL LOBATO



MJ PÉREZ © MONCHO FUENTES



galegoza

A focense de Vilaronte **UGIA PEDREIRA** é unha letrista e vocalista de referencia cunha traxectoria a reivindicar no ensino, a produción, nos palcos e en gravacións de bandas nas que participou ou coas que colaborou. No seu regreso como A Pedreira editou dous discos eclécticos que desde a raíz viaxan até case calquera estilo: *Segmento cantábrico* (2022) e *Basal* (2024).



DEPUTACIÓN DE LUGO

VICEPRESIDENCIA

Cultura

UN NOME PROPIO, EN SOLITARIO OU CON BANDA, PARA NOS REFERIR A PROPOSTAS MÁIS PERSOAIS, ONDE AS LETRAS SON MOI PROTAGONISTAS



GUADI GALEGO © PIXELIN PHOTO

**SU GARRIDO POMBO** móvese pola bossa, folk e jazz nos seus discos en solitario: *Quedo a vivir aquí* (2018) e *Patios de luz* (2022).

A arzuá **MJ PÉREZ** presentouse en 2013 e, ao longo de catro discos apreciamos enerxía, compromiso e entusiasmo a proba de pedras no camiño.

**LUCÍA PÉREZ**, do Incio, é o nome máis recoñecíbel do que poderíamos chamar mainstream ou comercial. Ten dous discos cantados en galego: *Digocho* en galego e *Quince soles*.

**PAULIÑA** debutou con *De-Xeneración* e no 2020 lanzou *A Malfalada*, onde se acompaña de músicos veteranos para cantar sen pelos na lingua a ritmo de rock, folk, blues, country...

O fonsagrado **XOÁN CURIEL** leva dúas décadas en activo, tamén con discos para público infantil e unha revisión contemporánea de cantigas medievais coa cantante e filóloga Iris Gey.

**XOÁN EIRIZ** leva máis de quince discos nos que achega a música popular galega ao pop.

O gaitero **BUDIÑO** reinventouse como músico total nos discos *Fulgor* e *Branca vela*.

Outros nomes: **Tonhito de Poi**, **Xosé Constenla**, **Sheila Patricia**, **Emilio Rúa**, **Miguel Alonso**, **Rosa Cedrón**, **Sonia Lebedynski**, **Roberto Sobrado**, **Óscar Fojo**, **Xoana**, **Belém Tajés**, **Xabier Díaz**, **Lucía Aldao**, **Anxo Araújo**.

Escoita aquí:  
LISTAXE DE REPRODUCCIÓN S. XX



7



# MESTIZAXE // RITMOS DO MUNDO

Con estas propostas viaxamos con ritmos xurdidos de diferentes latitudes do planeta:  
ska, funk, disco, cumbia, reggae, kletzmer...  
Moito baile e festa da man da conciencia e o compromiso.



En 1997, a banda xurdida na Estrada, **XENREIRA**, editou o seu único disco: *Érguete!*, ben influente para outras bandas e público máis comprometidas politicamente. Influencias do rock radical vasco, estilos varios como o ska, canción protesta do país... Rock irmandiño. Tras a súa desaparición atopamos membros en proxectos de comezo de século como **GALEGOZ** (*Mass Circus Media* e *Evolucionários*) ou a **A MATRACA PERVERSA** (*Galician Chimpanzee*, *Revolution Dance* e *Viñeron da Galiza Interior*) e tamén daquela son **NEN@S DA REVOLTA**.

A formación orixinaria de Ourense **LAMATUMBÁ** chegou alá polo 1998 para revolucionar todo co álbum *Lume (para que saia o sol)*, onde incluían o himno *Licor café*. No seu momento, unha das nosas bandas máis populares grazas a concertos divertidos, reivindicativos e festeiros na mente e o corpo. Tras unha escisión, aínda editaron *Paraugas Universal* e *A Órbita da Banda Hipnótica*, e após unha década de silencio, en 2023 volveron dar concertos.

Tamén desde Ourense e con algún ex-Lamatumbá chegan **O SONORO MAXÍN**. Unha proposta chea de mensaxe comprometida e optimista sobre ritmos populares tropicais, latinos e do país. *A onda sonora (chega do interior)*, *Sete Dezasete* e o último EP *A primavera ten que ser nosa*.

**DAKIDARRÍA** veñen de celebrar cun traballo ao vivo 20 anos de punk, rock, ska, reggae... Cuestionan, non só en galego, o capitalismo, a globalización, o consumismo e a alienación. Outros discos: *Colaxe*, *Realidades alienantes*, *De cuncas e mar*, *Utopías emerxentes*...



**ORQUESTA BRAVÚ XANGAI** xuntou músicos dos Papaqueixos, Os Diplomáticos de Monte Alto, A Magnifique Bande dos Homes sen Medo... Collen o alcume do tren que unía Galicia e Catalunya. Festa garantida desde o torreiro co seu gran debut *Os saxofóns de Occidente* (2024).

Da banda sonora do filme *Crebinsky* xurdiu a **BANDA CREBINSKY**, onde participan músicos de sobrada formación e traxectoria. Entregaron dous álbums máis: *Jet Lag* e *Zirkus Afe* ao tempo que a banda se vai revisando e diversificando estilisticamente.



**LOS JINETES DEL TRÓPICO** fan festa con ritmos latinos e electrónica, en galego e castelán.

A multiinstrumentista **LYDIA BOTANA** "Bolboreta" toca con abundas artistas polo mundo adiante e editou *Vuelo* en 2018, pero antes xa gravara, tocando ela case todos os instrumentos, o libro-disco infantil *De aquí para alá*. Optimismo e compromiso.

En máis de media ducia de discos, **A COMPANHÍA DO RUÍDO** propón diversión para a taberna ou a rúa, sempre falando desde o pobo e contra os abusos. Irreverencia, eclecticismo e retransca.

A agropunkchanga de **SACHA NA HORTA** gañou o concurso A Polo Ghit (2007) da canción do verán con *Biocultivos*. O seu outro éxito foi *Busco amante galegofalante*.

**SOM DO GALPOM** facían "rap orgánico", cun violín característico e sen compoñente electrónico. Editaron *Em Terra de Ninguém* e *A galinha de Troya*, e **Gaëlo** segue en solitario.

Outros nomes: **TANDUB, CANTORRELLA, ZELTIA IREVIRE**...



Escoita aquí:  
LISTAXE DE  
REPRODUCCIÓN S. XXI





SE ISTO NON SE AMAÑA,

# CAÑA, CAÑA, CAÑA.

## COMPROMISO E SONS DUROS

*Cantar en galego limitábase á música tradicional ou o rock máis contundente e reivindicativo. A situación de lingua minorizada ou desprestixiada move á loita, a empregala e posicionarse. Soe a punk, rock duro, metal, heavy, ska... as letras soen ser de compromiso político e crítica social.*

Probablemente quen máis tempo leva en activo é **ZÈNZAR**, os "padriños" do noso rock duro. Desde *Disparados ó futuro* (1997) a *Benvidas ao futuro* suman oito álbums onde reivindicán a lingua e cultura propias e denuncian o desleixo das institucións. *Todo vai ben, Rockanrol, Sigue... e dálle, A Tribu, Vaise armar, Camiñando entre serpes.*

**RUXE RUXE** son os outros veteranos, con influencias duns Clash ou Pogues e gaita. Moi prolíficos (máis dunha ducia de discos), nos últimos anos están a entregar talvez os seus traballos máis completos desde que debutaran en 1999: *Unha noite no interior dunha faísca, O estraño falar dun monstro da aldea, 20 segundos, Máis cancións sobre toxos, cardos e silveiras.*

O dos chantadinos **RASTREROS** é o punk-folk-rock e foron semente do encontro Castañazo Rock, onde se asinou o Manifesto Bravú en 1994. *Tratorada e O sacristán de Basán* son himnos.

**ASTAROT** foron os pioneiros (e aí seguen) en fundir o heavy metal clásico con versos de poetas

**NAO** naceron na Estrada arredor do 2005 e, tras catro álbums e tres EPs, deixárono no 2019.

O cantante e compositor Jásper segue agora con **LOITA AMADA**.

**MARTELO** é un poderoso trío de metal de letras directas e reivindicativas. Volveron ao estudio con *O mesmo animal* dez anos despois do seu debut.

**DESEQUILIBRIO MENTAL** presentaron o seu metal tirando a punk en 2011 con *Con Q sin U*.

**TECOR SOCIETARIO** naceron en 2017 en Compostela e mesturan rock e folk.

**GRILO** mesturan hardrock, stoner e grunge e alternan letras críticas con outras máis persoais.

Apunta máis nomes: **OS JOHN DEERES, ITH, BROA, KELTOI!, ESQUIÓS, RETOBATO e O Leo i Arremecahoná** (alter-ego de cantautor punk que se agocha tras do filólogo e poeta Leonardo Fernández Campos).

A banda lucense de metal **ARRYTHMIA** incorporou detalles de electrónica e rap no seu terceiro traballo: *I*, despois de *III* e *II*. Nas súas letras falan de problemáticas sociais e saúde mental.

**MACHINA** son gran expoñente do noso mellor metal e hardcore. *Post-Bravú e Ensaio sobre o silencio* son dous traballos notábeis.

Desde Burela **THE BROSAS** debutaron en 2011, directos, contundentes, intensos, moi na onda punk-heavy duns Motörhead.

Do barrio vigués do Calvario saíu **SKARNIO**, colectivo político-musical que facía ska para o independentismo, a lingua ou a loita obreira. *Arredista* (2002) e *O noso camiño* (2008).

Tamén de Vigo chegou o punk-rock de **SKACHA**, entre 1991 e 2011, que regresaron hai pouco.

**LISKA!** é herdeira desa corrente ska-reggae viguesa. *República 1.0 e 2.0* son os últimos traballos.

**SKARNIVALS** comezaron en 2009 como Skakeo e fan ska-punk-folk. 1 EP e 3 álbums: *Latexo*.



RASTREROS © LA FONOTECA



Escoita aquí:  
LISTAXE DE  
REPRODUCCIÓN S. XX



g  
galegoza



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



Cultura

VICEPRESIDENCIA

9



# RAP / HIP HOP E DERIVADOS

**A escena do hip hop é tremendamente activa e o galego ben merece un apartado de seu, sexan propostas máis clásicas ou aproximadas a outros estilos e tendencias. Un dos xéneros mellor acaídos para crear con poucos medios e dicir moito.**



DICOS KE TE CREW © IAGO VILARINHO

Se falamos de hip hop temos que comezar por Ordes, onde xurdiron pioneiros como Ghamberros e 5 Talegos. Eles darían paso ao colectivo referente **DIOS KE TE CREW**, cuxo debut *Xénese* (2006) puxo o listón moi alto. Poucos, pero grandes traballos: *Humanos*, *Dez*, *O ciclo da serpe*, *En que ano estamos?!* Os seus concertos son entrega, calidade e multidisciplinidade, como o que celebraba os seus vinte anos acompañado dun fanzine con 20 cancións remesturadas.

Hai case unha década que saíu da banda **GARCÍA MC** para centrarse nunha traxectoria de seu. Ademais das gravacións e concertos con **Nación Quilombo**, transmite a súa arte por colexios e institutos. Na súa escolma *20 Anos De Palabra Que Anda* (2018) repasa singles propios e colaboracións. *Rebeldía con alegría*.

O colectivo **REBELIOM DO INFRAMUNDO** naceu en Ponteareas e desde 2016 gañan máis atención en festivais e salas grazas primeiro ao disco *Lume e Rebeliom* e, tras el, *Illegal*. O último, *Amor ou barbarie* (2023), e os correspondentes directos xa os colocaron no máis alto.



**SOKRAM**, outro membro dos DKTC e tamén salientábel graffiteiro, editou un traballo de seu e desde hai pouco tamén está en **Cemento Musgo**.

**BOYANKA KOSTOVA** é o dúo galego de música trap formado en 2016 en Compostela por Cibrán García e Chicho, pioneiros do estilo cunhas cancións cheas de retrans, identidade do país e a grande esencia da música urbana. Son prolíficos: *Vella Canción Galega*, *Nova Canción Galega*, *Os Dous De Sempre*, *Ranaeira*, *Os meus peidos cheiran a pétalos perfumados* e *Foliada do Inferno*.

FLOW DO TOXO © DENIS PEDRERA / CORALIA FOTOGRAFÍA



O trío de rap combativo **EZETAERRE** formouse na Facultade de Comunicación Audiovisual da Coruña en 2015. Cuns singles, o EP *100* e os discos *Aspiracións mínimas e urxentes* e *Pólvora e tormenta* creceron en popularidade até parar indefinidamente en 2020.

A rapeira **AÍD** alternou castelán e galego en discos como *Hacer lo que quiero* ou *Jugando*, pero salientamos o libro-disco no que musicou clásicos da literatura galega: *Rapoemas* (2012).


**SONDARÚA** estiveron en activo desde 2016 a 2023 esgrimindo ironía, variedade e tradición oral popular combinadas cun hip hop reivindicativo, de crítica sociopolítica. *SonDaRúa Classics*, *Liberando mentes* e *Eterno combate*. **Hugo GZ** segue con proxecto propio.

**ALTO ASALTO** gravaron o seu rap hiperdimensional en *Sonos e Quimeras* e *Cultura humana*.

Outros nomes: **High Paw**, **Flow do Toxo**, **Os Trasnós de Moscoso**, **El Puto Coke**, **Malvares de Moscoso**, **Vértebras...**



REBELIOM DO INFRAMUNDO © GALLUNK





# MÚSICAS URBANAS, ELECTRÓNICA, EXPERIMENTACIÓN

PROPOSTAS MENOS HABITUAIS,  
MÁIS ARRISCADAS  
E QUE SE (CON)FUNDEN  
CON ESTILOS VARIOS



O dúo de pop electrónico **FANNY + ALEXANDER** é chave para darlle un carácter contemporáneo á música galega en plan DIY (Faino ti mesmo). Gravaron e autoeditaron *Lusco e Fusco* (2006), *Finais dos 70s, comezos dos 80s* (2007) e *Alfaias* (2009) musicando poemas de artistas do país, ao igual que no seu regreso de 2022: *A túa ausencia neste ar*.

**VERTO** apostaron por un par de micros e bases para un pop comercial que coqueteaba coa disco, o techno ou o trap. Chamaron a atención coa canción *Oie Gayego* en 2019, despois co álbum *Puro ocio* (2020) e deixaron o LP *Embora* (2021). Eran Fernando Peleteiro "Fer" e o pontevedrés Alberto Mira, que continuou en solitario como **BERTO**.

Máis nomes:

O colectivo sonoro **SAFARI ORQUESTRA** mesturaba ritmos electrónicos, soul, funk e rap e deixou un traballo de seu: *Ben Deitei* (2010). Naceu en Lugo polo ano 2002 da man do produtor Arturo Vaqueiro "Humanoid", e os ex-Skornabois Emilio López e Xermán Viluba. Herdeiro desta linaxe é o dúo **TERRAE** co seu disco viaxante e colectivo "Medra".

O primeiro disco de **XACKAL** *Ven Forte, Ben Forte* combina electrónica con músicas latinas.

## PROJECTO MOURENTE

é o proxecto de pop electrónico e hedonista de Carlos Valcárcel. *Baixo os eucaliptos* (2006), *Kara.o.ke* (2008) e *A pior* (2012) e varios singles.

En **CEMENTO MUSGO** Sokram, o produtor Coio e o artista de gif-art A. L. Crego experimentan a catro niveis (música, letra, voz e imaxe) nun visu-álbum de 11 cancións + videocreacións.

O proxecto literario-musical **CINTA ADHESIVA** combinan texto, música e vídeo desde 2014.

En só tres traballos, **DAS CAPITAL** fusionaron electrónica, experimentación e poesía con liberdade e provocación: *Ruído Negro* (2011), *Grecia* (2013) e *Das Kapital* (2015).


**PANTIS** entregaron álbums de electrónica con toques kraut e letras intimistas.

**HEVI** é un dos talentos máis desprexizados e amplos do país. O seu proxecto **Malandrón** presentouse con *Os estraños sempre traen malas novas* (2006), pero comezou ser máis recoñecido en 2016 cando editou *Cada can que lamba o seu carallo* e *Os corenta e oito nomes do inimigo*, elixidos mellor disco para a revista estatal *Rockdelux*, algo que non acontecía cun traballo en galego desde o *Je! d'Os Resentidos*. Tamén participou con Javier Álvarez de **FLUZO** (*Fluzo*, 2010), rap máis experimental e de baixo orzamento. Ademais é un produtor moi solicitado por artistas de diferentes estilos.

**EMILIO JOSÉ** é outro becho raro, friqui ou extravagante, sorprendente, crítico. *Chorando apréndese* e *Agricultura livre* están inzados de pop clásico lo-fi, bossa nova, electrónica, hip hop, samples inimaxinábeis... Todo na casa e á marxe de estilos.

**MOUNQUP** é o nome artístico da cantante e compositora franco-galega Camille Hédouin, que desde o rural galego fai electrónica vocal rural.

**BAIUCA** é un dos proxectos galegos que máis triunfa fóra das nosas fronteiras grazas a esa achega da tradición galega á vangarda electrónica: cunchas, frutas, gaitas e voces tradicionais tratadas canda sintetizadores, caixas de ritmo e programacións. Escitade *Solpor* (2018) e *Misturas* (2019), onde se une a Xosé Lois Romero & Aliboria, *Embruxo* de 2021 e *Barullo* (2024).





# ÚLTIMA FORNADA, A DÉCADA ACTUAL

Vocalista e guitarrista exquisita, **ANTÍA MUÑO** presentouse co fermoso *Carta aberta* (2022), onde combina temas propios con versións folk, canción de autor intimista, jazz, bossa nova...

O trío **CALDO** xa é referencia da renovación do tradicional desde o acústico con só dous discos: debut homónimo en 2019 e *Lugar A Ponte* (2023). Instrumentais e cantadas por Anais Barbier.

**FILLAS DE CASSANDRA** causaron unha das maiores sensacións cunha lexión de seguidoras e concertos que non deixa de crecer. En *Acrópole*, María SOA e Sara Faro van desde a tradición musical e oral ao máis moderno e bailábel, co feminismo e a mitoloxía grega como temáticas.



Tras **GRANDE AMORE** está o mariñao do Valadouro, Nuno Pico. Mestura post punk, electrónica e música industrial con letras directas, honestas, catárticas, que logo atrapan. Coñecémolo na banda compostelá **Oh! Ayatollah** e, ao debut de 2021, seguiuille o máis escuro e duro *II*.

Malia a súa xuventude, **MONDRA** é un artista e talento total. Toca, canta, baila, compón. A electrónica e o tradicional son as dúas patas do debut *Ardén* (2023). Outros proxectos nesta onda son **ALANA, DE NINGHURES**.

Tras Verto, **BERTO** estreouse con *Viaxe ao espazo interior* onde trata desde a depresión até a felicidade. En *Bailar Chikito* con **Marinha** vai de pop con electrónica, trap e techno, e *Sinto* afonda no ecléctico e bailábel. Produtor moi requirido: Fillas de Cassandra, Mondra, Hydn...

A lucense Laura LaMontagne e un DJ-produtor compostelán uníronse como **LAMONTAGNE & PICO AMPERIO**. Mesturan poesía galega e sensibilidade electrónica en *Algo que sinalar* (2022).

**THE RAPANTS** é unha banda muradá formada en 2018 con claro espírito festivo: ritmos disco, riffs, baile e letras de amoríos, rupturas. O boom de *O Corazón Como un After* (2023) continúa con *La máquina del buen rollo*.

O dúo enmascarado lucense **TERRAE** propón música e audiovisual, natureza e humanidade, baile. O debut *Tebra* (2024) contén varias colaboracións notábeis, galegas e de fóra.

**MOURA**, con músicos veteranos pero só dous traballos (*Moura* e *Axexan, espreitan*), erixiuse como a nosa banda de rock progresivo enchoupado de psicodelia, folk e mitoloxía galaica.

O trío **LONTEIRA** gañou en 2022 a canción do verán con *Corazón de toxo* e animáronse a gravar o álbum de debut *Apnea*. Electrónica, poesía, natureza, sons do mundo...

Dende Ferrol-A Coruña chega **ZAVALA**, coa vocalista Carla Romalde e o guitarrista e produtor Víctor Ledo á fronte. Pop elegante que xoga con instrumentos acústicos e sons sintéticos.

**NEBRA** é un trío lucense liderado pola cantante e mestra de canto Sara Nebra. *Sereas* (2022) leva a música tradicional cara á electrónica, os *sintes* e a percusión afastada do habitual.

A formación de Noia **CARABELA** mestura pop, electrónica e tradi nos seus EPs *Nó* e *A Noite*.

**HYDN** comezou co seu *galenglish* sobre un pop electrónico de corte escuro, RnB e eclecticismo.

**AMOEBO** funde verbena galega con música urbana, autotune e humor. *Cada vez mellor* (2023).

**MÄI** é o proxecto de Iseo Agilda. *Nigredo* é un álbum realmente inspirado.

Máis nomes:

**CANTOMETRICS** revisan o arquivo de Alain Lomax. O tecno desenfadado é o terreo de **FILLOAS** e o espírito lúdico o do dúo lucense **VERTER GZ**. Tamén rapean **O RABELO** ou **TIAM GZ**. Polas músicas do mundo e a festa móvense **A QUINKILLADA** ou **CATUXA SALOM**, inspirada pola súa residencia na Pontenova. No indie-pop están as **LERIA**...



Escoita aquí:  
LISTAXE DE  
REPRODUCCIÓN S. XXI





# INFANTIL E FAMILIAR

Aquí somos potencia, con proxectos dabondo compostos ou ideados por músicos e profesionais da educación. Nivel musical notábel e variado, letras divertidas e sensíbeis, libro-discos presentados con agarimo por editoras varias (OQO, Kalandraka, Galaxia, FolMúsica...).

Abramos cun clásico. En *Os soños na gaiola* (1978) **SUSO VAAMONDE** musicou poemas de Manuel María e foi recoñecido co premio Disco infantil do ano polo Ministerio de Cultura. Tamén dedicou ás crianzas *Cantarolas pra xente miúda* e *Rapazas, rapaces e rapazadas*.

**MARÍA FUMAÇA** é toda unha familia de músicos profesionais e amadores que grava discos estupendos e namora familias coidando os valores positivos e a empatía. *O peixe de Manola* é todo un éxito, así como os álbums *Cantar e bailar para ser máis feliz* ou *O veleiro verde*.

**MAMÁ CABRA** levan editando discos desde o 2000 e ofrecen espectáculos moi participativos e divertidos. *Deveribés* é unha recompilación ben recomendábel.



**PACO NOGUEIRAS** é un dos artistas máis populares. *Brinca Vai!*, *Radio BuleBule*, *Extra*.

**MAGÍN BLANCO** viña do pop e rock e engaiolou o público infantil dun xeito sensíbel e natural. As catro edicións d'*A nena e o grilo*, *Gatuxo*, *Camiños*, *Canta o cuco* (con Uxía).

Músico e estudoso do baile e da música tradicional, **PABLO DÍAZ** publicou desde 2010 *Tic Tac, Toc Toc, Tic Tac Toc* ou *Coas miñas mans*.

No rock and roll para a rapazada salientamos dous nomes: **A GRAMOLA GOMINOLA** e o seu guitarrista **PAKOLAS**, autor de *Ramona órbita*, *A Ramona Pequena vai á lúa*.

**A Comuna Del Barruzo** (con Uxia Pedreira e Pierrot Rougier) canta no dialecto da zona Eo-Navia aos seus lugares, patrimonio e cultura.

O certame **CANTARELIÑA** tivo lugar en San Sadurniño impulsado polo párroco Ramón Díaz e o grupo Saraibas. Entre 1983 a 1990 editáronse oito álbums interpretados pola rapazada.

CANTARELIÑA © LUZES



Apunta máis discos:

Dous discos de arrolos tradicionais recreados por destacados intérpretes: *Non hai berce coma o colo* e *Arrolos de Salitre*, por **Xabier Díaz** e **Guillermo Fernández** e convidadas.

**UXÍA**: Rosalía pequeniña con poemas de Rosalía de Castro máis acaídos para a rapazada.

O fonsagrado **XOÁN CURIEL** editou *Estamos no verán*, *A casa do terror*...

Acompañando un conto da popular familia, **Os bolechas fan unha banda** presenta un feixe de cancións ex profeso de **Novedades Carminha**, **Eladio y los Seres Queridos**, **Sés**, **AID**, **Pandeiromus**, **O Sonoro Maxín**, **Ataque Escampe**, **Transilvanians**, **The Homens** e **Álex Casanova**.

*Diferentes Diferenzas* de **Silvia Penide**; **Golfinhos**: *Té, chocolate e café*; **Pirilampo**: *Teatro de guiñol*; **Música miúda**, **Uxía Lambona** e a **Banda Molona**, **Brais das Hortas**, **Chuches Amil**.



g  
galegoza

DEPUTACIÓN DE LUGO  Cultura  
VICEPRESIDENCIA

Escoita aquí:  
LISTAXE DE  
REPRODUCCIÓN S. XX




13



# EIS UNHA ESCOLMA DE DISCOS

# SINGULARES:

# EXPERIMENTAIS, CURIOSOS, PROXECTOS PARALELOS



*Electronic Galician Grooves* (2008) foi o único álbum de **Ecléctica Ensemble**, onde músicos vencellados ao Conservatorio de Música Tradicional e Folque de Lalín fusionaban electrónica con instrumentos tradicionais, letras suxestivas e ritmos do país.


O punki O Leo, o rapeiro García MC e, ao final, Lydia Botana uníanse en **Labregos no Tempos dos Sputniks**. Dez anos de traxectoria, pero só un disco de poesía, reivindicación e retransca.

**Nordestinas** (2006) xuntou as voces de Ugia Pedreira e Guadi Galego co grande pianista de jazz Abe Rábade. No Teatro Principal de Compostela gravaron ao vivo unha mostra única da comunión do jazz coas cancións que cheiran a mar.

A vocalista Guadi Galego e o guitarrista Guillermo Fernández gravaron en 2005 un disco acústico fermosísimo: **ESPIDO**. Deron máis dun cento de concertos e nunha liña semellante formaron o belido **ACADACANTO** (2011) co acordeón de Xosé Lois Romero e a voz de Xabier Díaz. Un luxo.

Tamén a mariñá **Ugia Pedreira** creou canda o brasileiro **Fred Martins** o exquisito *Acrobata*.

O cuarteto **MARFUL** reivindicou en dous discos os salóns de baile dos anos 30-40 e fusionou o folk coas bandas de jazz e letras actuais asinadas por **Ugia Pedreira**. **Sabela** recuperou no concurso O.T. a súa *Tris-Tras*, escusa perfecta para volveren para un concerto soberbio no CulturGal 2019.



O pianista de jazz **Abe Rábade** no seu maravilhoso *Botánica* (2022) conta coa voz de **Davide Salvado**.

Tras saír de Berrogüetto e antes de se lanzar á canción de autoría pop, **Guadi Galego** argallou canda infinidade de músicas de país *Benzón* (2009), un disco de encontro de pop, jazz e tradi.

En **Cuba-Galiza. Descarga ao vivo**, músicos galegos e cubanos fundíronse cun resultado espectacular que quedou rexistrado en CD+DVD (2009).

Outros discos curiosos ou interesantes: **Orquestra Os Modernos: Dissimulem!** (2016); **Orquestra Jazz de Galicia: Fame** (2016); o speed-folk de **Ultrãqãns**, o estilo *crooner* bohemio e teatral de **Tatán** en *Chapeu* (2015).

**Non son poucas as artistas que de cando en vez se animan a cantar en galego.**

A banda pop viguesa **Eladio y los Seres Queridos** triunfaron en 2016 con *Cantares*, disco de versións de cancións galegas da súa infancia.

O coruñés **Xoel López** adoita incluír nos seus últimos discos algún tema en galego.

No álbum **S4N7** de 2020 a banda lucense dirixida polo veterano **Piti Sanz** (Los Contentos, Di Elas) inclúe pezas en galego como *As casañas do barrio alto* ou *Dilles que non*.



Nunha onda máis predicíbel temos **ADRIÁN VIGO**, de Begonte, que alterna galego e castelán.

Outros nomes: o hip-hop e soul de **WÖYZA** no álbum *The Galician Messengers*, a banda de ritmos xamaicanos **Transilvanians**, o neosoul de **Nastasia Zürcher**; o power-pop de **Tesouro** e **Magín Blanco & Burgas Beat**; a cantautora **Silvia Penide**, **Novedades Carminha**, **Sabela**, **Ortiga**, **Siniestro Total**, **Hard GZ**.



galegoza

DEPUTACIÓN DE LUGO  Cultura  
VICEPRESIDENCIA

Escota aquí:  
LISTAXE DE  
REPRODUCCIÓN S. XX



14



# XUNTAS E REVOLTAS

*Aínda que agora sexan menos habituais e fosen substituídos polas chamadas playlist, durante moito tempo era nas recompilacións onde atopabamos cancións na nosa lingua. Nelas repasábase a escena ou rendíase tributo a solistas e bandas a través de versións.*

O Xabarín Club, programa da TVG, fixo máis que ninguén por normalizar as cancións en galego para a rapazada. Editáronse volumes de **A cantar con Xabarín** entre o 1994 e 2004 aprox.

O protagonista do **Manifesto Dobarrista** (2007) é Andrés do Barro. 30 grupos, case todos de pop ou rock, xuntáronse na primeira homenaxe ao ferrolán que foi número 1 estatal con varias cancións e aínda na ditadura. Ferrer Records editou tamén en 2021 **Andrés do Barro: Pop, Saudade e Memoria**.

**Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro** (1989), editado pola lucense Sons Galiza. Nomes como Brath, Luar na Lubre, Na Lúa, Saraibas, O Carro, Manuela e Miguel, Suso Vaamonde, Taranis, Alecrín...

O CD duplo **A tribo toda baila** (2012) inclúe un grandes éxitos dos Resentidos acompañado por eses mesmos títulos interpretados por outras artistas.

A banda coruñesa Os Diplomáticos de Monte Alto foi reivindicada en **120 Capadores: Homenaxe aos Diplomáticos** (2007).

En **Doutor Apertas. Tributo a Magín Blanco** (2012), artistas de aquí e de fóra versionaron cancións das distintas etapas do músico da Rúa, en galego e en castelán.

**Vai polos padriños, tributo aos 25 anos de Zénzar** (2013) é o recoñecemento doutras bandas cañeiras á veterana formación rock de Cerceda.


**25 anos ruxindo**, tamén un CD dobre de tributo aos roqueiros veteranos e prolíficos Ruxe Ruxe.

Até 25 bandas aparecían en **A Per Loca** (2006), compilación apoiada por Komunikando.net, medio que xuntou forzas canda o xornal *Novas da Galiza* para editaren **Vozes Novas**, unha escolma do panorama musical de 2009 con 15 temas inéditos.

O xogo popular inspira un feixe de bandas no disco **Disco Billarda** (2011).

Outros traballos a lembrar son **Unión Bravú** (Ed. do Cumio, 1996), **Bambán Vol. 2** (Bambán, 1997), **Terra Terremota** (Xerais, 1998)... e para o máis alternativo ou *underground*, podemos buscar nos tres volumes de **Galician Bizarre**.

XABARÍN CLUB © MIGUELANXO PRADO



**O humor tampouco falta nas cancións en galego.**

## DE VACAS

son tres vocalistas increíbeis e o versátil guitarrista Guillermo Fernández.

## MONOULIOUS DOP

teñen o sentido de humor e o rock bailábel como bandeira.

## OS DA RÍA

reivindicaron o hiperenxebrismo na canción lixeira en **Disco Díscolo** e **O disco póstumo**. Nos vídeos de **Páramo Pictures** parodiábanse éxitos comerciais. **Filios de Estramonio** adaptaron temas moi coñecidos do rock ao galego, **Medomedá**...



Escoita aquí:  
LISTAXE DE  
REPRODUCCIÓN S. XXI



**g**  
galegoza



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



VICEPRESIDENCIA

Cultura

15



# LUGARES DE ENCONTRO

Agás contadas excepcións, a radio-televisión pública **CRTVG** nunca apostou en serio pola nosa diversidade musical. Grazas a Internet xurdiron iniciativas que si falan e comparten cancións na nosa lingua. Deixamos entón de depender só do que os medios convencionais deciden divulgar.

galiciantunes

Dentro dos medios oficiais ou subvencionados, **Galician Tunes** é unha iniciativa conxunta das institucións, empresas e asociacións profesionais para a promoción da música galega e o portal de Cultura Galega ofrece a sección **MeGA** (Música en Galicia).

A asociación **Músicas ao Vivo** creouse para conseguir mellores condicións á hora de crear, presentar e dignificar a profesión de músico. Ademais do traballo habitual e necesario, crearon os **Premios Martín Códax** para dar visibilidade ás nosas artistas. Na web atopamos moitos proxectos.

**Clubtura** é a asociación galega de salas de música ao vivo e comparte unha axenda de concertos.

O programa de radio amateur máis veterano e ecléctico é **Ábrete de orellas**, que fala de músicas e concertos no país e conta cun portal na Internet e presenza en varias RRSS.

**GZ Música** é o portal máis veterano e completo dos que se centran nas músicas en galego. Nunha liña máis modesta, tamén resisten como un punto de encontro da música galega non subvencionada **Komunikando.net**, **Música en galego** e **Rouco Son**.

## RECORDO

Entre quen abriron camiño, é de xustiza mencionarmos selos como **DoFol**, **Edigal**, **Sons Galiza**, **Ruada**, **Falcatruada**; o concurso de canción de verán **Apologhit** (Vieiros-Radio Galega); a plataforma dixital **A Regueifa**; a revista en liña **Sono-Tone**; a web **Ghastas Pista**; o programa **Emerxentes** en VozTV e non moitos na CRTVG. Até tivemos un par de **Galeokes**; si, karaokes con cancións galegas.

## INICIATIVAS INDIVIDUAIS

As **Miudiño Sessions** da Regueifa Plataforma, o libro **Galicia Musicalidade** escrito por Noel Turbulencias e ilustrado por Victoria Sánchez, o xornalista **Rodri Míguez** sobre festis e música en TikTok, o streaming en twitch do músico Alberto Busto, o **Rincón de Daniel**.

En **Músicas Galegas Ilustradas**, Laura Romero debuxa todas as nosas cantantes e músicas. **Rede Galega de Música ao Vivo** englobase na Galescena coas salas, teatros e auditorios do país. A sección **Cántamo en Galego** na emisora Onda Cero de Pontevedra, o festival **Eclosom da Gentalha do Pichel** de Compostela, o podcast semanal **Os Plans de Códax**...

## BIBLIOGRAFÍA

Apoiamonos para contrastar ou confirmar datos nos libros **Aquí non pasa nada. Historias musicais de Lugo** de Juan Castro Lodeiro, **Unha historia da música en Galicia 1932-2018** de Fernando Fernández Rego, **Somos un pobo de artistas. O método Luísa Villalta** de Xurxo Souto, **Verso e acorde** de Alberto Pombo, no portal **GZMúsica.com** ou no blog **Música en galego**, e nas achegas a youtube de **Kunkeiro69**.

COMISARIADO E CONTIDOS: **Pepe Cunha**

g  
galegoza



DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA

Cultura

16

Músicas ao Vivo



GZ MÚSICA. ÁBRETE DE ORELLAS E TRES PERRES VIGANDO. FINALISTAS EN 2016 NOS MARTÍN CÓDAX © YARIBAS

Ábrete de Orellas



GZ MÚSICA.COM

WEBTINE DA MÚSICA GALEGA

/GZMUSICAWEB  
/GZMUSICA  
/GZMUSICA



Komunikando.net  
música de Galiza



© A REGUEIFA PLATAFORMA 2.0



RODRI MÍGUEZ © OLALLA TELLERÍA



Le aquí:  
UNIDADE DIDÁCTICA  
SOBRE A EXPO



Escoita aquí:  
LISTAXE DE  
REPRODUCCIÓN S. XX



Escoita aquí:  
LISTAXE DE  
REPRODUCCIÓN S. XXI

